



## **PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS EMPRESAS DE INSERCIÓN EN GALICIA E O SEU REXISTRO ADMINISTRATIVO.**

I

A Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, define esta figura como aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída que, debidamente cualificada polos organismos autonómicos competentes na materia, realice calquera actividade económica de produción de bens e servizos, e cuxo obxecto social teña como fin a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social como tránsito ao emprego ordinario. Trátase de iniciativas que, mediante a actividade empresarial, acompañadas de actuacións sociais e de inserción social, fan posible a inclusión sociolaboral de persoas excluídas para a súa posterior colocación en empresas convencionais ou en proxectos de autoemprego.

Coa regulación desta modalidade de empresa social preténdese contribuír ao cumprimento do mandato recollido no artigo 9.2 da Constitución Española, que ordena aos poderes públicos facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social do noso país. Ao mesmo tempo constitúe unha ferramenta fundamental para acadar o pleno exercicio do dereito e deber de traballar consagrado no artigo 35 do citado texto.

As empresas de inserción forman parte da economía social, tal como se establece na Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia, que, recollendo o testemuño da Lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, define este sector como o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios recollidos artigo 5 da lei, e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Esta norma recoñece como tarefa de interese xeral a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades que conforman a economía social e sinala os obxectivos que os poderes públicos deben ter presentes á hora de abordaren a súa política de promoción. Entre estes obxectivos podemos salientar os de facilitar as iniciativas de economía social, especialmente mediante a creación dunha contorna que fomente o seu desenvolvemento nos planos económico e social; a remoción de obstáculos que impidan o inicio e o desenvolvemento de actividades económicas por parte das entidades da economía social; ou a simplificación de trámites administrativos para a creación de entidades da economía social, en particular incorporando solucións baseadas nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

En cumprimento do disposto na súa disposición adicional quinta, a Xunta de Galicia impulsou a Estratexia de Economía Social de Galicia, que define tres grandes áreas de actuación focalizadas á consecución doutros tantos retos para o trienio 2019-2021: sumar capacidades, sumar sustentabilidade e sumar identidade. Con orientación ao segundo deles, e polo que respecta ás empresas de inserción, contéplase a necesidade de reformar o marco legal, elaborando unha nova norma que outorgue seguridade e facilite a súa constitución.



A principal norma legal sobre a materia é a xa citada Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción. Esta norma, de carácter estatal, foi ditada ao abeiro da competencia exclusiva do Estado, atribuída polo artigo 149.1. 7.<sup>a</sup> da Constitución, en materias de lexislación laboral, e sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas en materia de asistencia social. Recolle os requisitos para a súa constitución e funcionamento, delimita o colectivo de persoas destinatarias dos procesos e medidas para a inserción sociolaboral; regula as relacións entre as empresas de inserción e as persoas traballadoras en exclusión e delimita as competencias das distintas administracións nos aspectos mencionados.

Así, este texto legal atribúe ás Comunidades Autónomas a competencia para cualificar as empresas como empresas de inserción e para xestionar os correspondentes rexistros administrativos; así mesmo, regula a participación dos servizos sociais e dos servizos públicos de emprego competentes en distintos aspectos do funcionamento das empresas de inserción.

Neste sentido, cómpre lembrar que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social; no seu artigo 29.1º outórgalle a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral; e no artigo 30 I.1, a relativa ao fomento e planificación da actividade económica en Galicia conforme as bases e a ordenación da actuación económica xeral, competencias que comprenden a execución pola comunidade autónoma das políticas activas de emprego.

En exercicio destas competencias ditáronse as disposicións normativas que regulan esta materia en Galicia.

Por unha banda, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, logo de definir as empresas de inserción nos termos establecidos pola Lei 44/2007, do 13 de decembro, dispón que a Xunta de Galicia, no marco da lexislación básica sobre esta materia, promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación efectiva ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social. Así mesmo, establece que as empresas de inserción se deberán cualificar de acordo co procedemento establecido na normativa de aplicación e rexistrar como tales no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia; e remite ao desenvolvemento regulamentario posterior os procedementos para a acreditación expresada no punto anterior, así como para a coordinación entre os servizos sociais e o Servizo Público de Emprego de Galicia na incorporación das persoas ás empresas de inserción.

Esta lei resultou modificada no seu artigo 66 pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, co fin de flexibilizar o proceso de elaboración e aprobación dos itinerarios de inserción, elemento fundamental para a efectiva e áxil incorporación á actividade laboral das persoas en exclusión.

Por outra banda, o procedemento para a acreditación das empresas de inserción, o proceso de incorporación a estas das persoas en exclusión e a participación dos distintos organismos implicados recóllense no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral, desenvolvido pola Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción



laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.

No tempo transcorrido desde a aprobación do decreto puidéronse apreciar certas dificultades prácticas xurdidas na súa aplicación, que afectan tanto á cualificación e inscrición das empresas de inserción para que poidan empezar a operar como tales, como ao proceso de incorporación a elas das persoas destinatarias finais dos seus servizos, que en definitiva supoñen atrancos para a efectiva inserción sociolaboral das persoas en exclusión, que deben ser removidos. Así pois, constatada a necesidade de actualizar as previsións do Decreto 156/2007, do 19 de xullo e da Orde do 29 de decembro de 2008, cómpre agora aprobar unha nova norma que regule estes aspectos de conformidade co disposto na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción e na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e en execución do compromiso recollido na Estratexia de Economía Social de Galicia.

## II

Este decreto estrutúrase en catro capítulos que abranguen vinte e oito artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras.

O primeiro capítulo, referido ás disposicións xerais, logo de delimitar o obxecto e ámbito de aplicación do decreto, regula certos aspectos relativos ás persoas beneficiarias do proceso de inserción, das propias empresas de inserción e das súas entidades promotoras.

Cómpre destacar en primeiro lugar que con esta norma se adapta a denominación das empresas de inserción á Lei 44/2007, do 13 de decembro, perdendo o cualificativo de “laboral” que se recollía no Decreto anterior.

Polo que respecta ás persoas beneficiarias, esta norma recolle dúas previsións coas que se pretende facilitar e axilizar a súa incorporación á empresa, tendo en conta que, en aplicación das normas legais citadas, requírese que os servizos sociais competentes valoren previamente a súa situación de exclusión. Estas dúas medidas son, por un lado, outorgarlle validez –para os únicos efectos do previsto no decreto– ás valoracións xa realizadas sempre que non transcorresen máis de seis meses, sen prexuízo de que poidan ser desvirtuadas por un informe posterior; e por outro, considerar acreditada a situación de exclusión cando a persoa beneficiaria sexa perceptora da renda de inserción social de Galicia ou forme parte da unidade de convivencia dunha persoa perceptora, por entender que, neste caso, segue vixente a valoración social que deu lugar a esta percepción.

Polo que respecta ás entidades promotoras, concrétase a porcentaxe mínima de participación na empresa en función da tipoloxía desta, en aplicación das distintas normas aplicables ás cooperativas, ás sociedades laborais e ao resto das sociedades mercantís.

Tamén se establece limitacións para a cualificación das empresas que cometesen delitos ou infraccións que se consideran incompatibles coa adecuada prestación dos servizos que lles son propios, tendo en conta a especial vulnerabilidade da poboación á que van dirixidos.

No capítulo II regúlense os procedementos de cualificación e descualificación das empresas de inserción, que se tramitarán de forma electrónica na súa integridade.



Como novidade, incorpórase a diferenciación do procedemento en dúas fases, que determinan a cualificación provisional e definitiva respectivamente. Deste xeito posibilitábase que as empresas que reúnen as condicións para ser empresa de inserción poidan obter esta cualificación, de forma provisional, antes de ter contratadas as persoas en inserción, o que reduce os tempos de tramitación (ao ter que revisar e comprobar menos condicións), facilita a operatividade das empresas e, sobre todo, reduce a inseguridade xurídica que supoñía ter que contratar persoal como empresa de inserción sen ter asegurada a súa cualificación como tal.

No capítulo III regúlase o funcionamento do Rexistro administrativo de empresas de inserción de Galicia. Das súas disposicións cómpre destacar as referidas á publicidade e constancia rexistral, tanto desde o punto de vista das empresas inscritas, para as que se establecen obrigas de presentación de información, como desde a vertente do público interesado, recollendo que datos e en que circunstancias serán públicos.

O capítulo IV contén as disposicións relativas á relación entre as persoas en situación de exclusión e as empresas de inserción, desde o momento en que se incorporan ata a finalización da súa relación laboral, regulando a intervención dos servizos sociais e do Servizo Público de Emprego nas distintas fases do proceso e fixando prazos para cada unha delas. En virtude da modificación operada no artigo 66 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, a elaboración do itinerario de inserción pode agora partir de calquera das partes implicadas (servizos sociais, Servizo Público de Emprego ou empresa de inserción). No se require unha sinatura conxunta do documento senón a simple aceptación ou conformidade se é o caso, que ademais se entenderá tácita no caso dos servizos sociais e do Servizo Público de Emprego se non efectúan indicacións, o que facilitará e simplificará o proceso.

Finalmente, nas disposicións adicionais establécense as normas aplicables en materia de protección de datos persoais, a utilización do termo “empresa de inserción” e obriga de fomento e promoción das empresas de inserción por parte da Xunta de Galicia, e na disposición transitoria recóllese o prazo para a adaptación das empresas existentes ao establecido neste decreto.

Polo exposto, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta da Consellería de Emprego e igualdade, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do \_\_\_\_\_,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este decreto ten por obxecto:

a) Regular o procedemento de cualificación das empresas de inserción na Comunidade Autónoma de Galicia.



b) Establecer a organización e funcionamento do Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia.

c) Determinar o procedemento para incorporar as persoas afectadas polas situacións de exclusión social ás empresas de inserción e realizar o seu seguimento.

2. Este decreto será de aplicación ás empresas de inserción que teñan centros de traballo radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa sede social.

## **Artigo 2. Persoas beneficiarias dun proceso de inserción a través dunha empresa de inserción**

1. A inserción sociolaboral a través das empresas de inserción vai dirixida ás persoas en situación ou en risco de exclusión social, con especiais dificultades para a súa integración no mercado de traballo, desempregadas e inscritas nos Servizos Públicos de Empleo.

2. Para os efectos do previsto neste Decreto, enténdese que unha persoa se atopa en situación ou risco de exclusión social cando se aprecie que concorre nela algunha das situacións contempladas no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Correspóndelle ao Sistema galego de servizos sociais a acreditación destas circunstancias. Presumirase que estas persisten cando entre a data de emisión do informe polos servizos sociais e a data de alta na empresa non transcorresen máis de seis meses. Non obstante, esta presunción quedará desvirtuada se existe un informe posterior en sentido contrario.

Para todos os efectos previstos neste decreto, considerarase que unha persoa se atopa en situación ou risco de exclusión cando sexa perceptora da renda de inclusión social de Galicia ou forme parte da unidade de convivencia dunha persoa perceptora.

3. Para a incorporación a unha empresa de inserción, as persoas en situación ou risco de exclusión deberán aceptar o itinerario de inserción sociolaboral, nos termos regulados no artigo 3 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, no artigo 66 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e neste decreto.

## **Artigo 3. Requisitos das empresas de inserción e das súas entidades promotoras**

1. Poden cualificarse como empresas de inserción na Comunidade Autónoma de Galicia aquelas sociedades mercantís ou cooperativas que cumpran as condicións establecidas nos artigos 4 e 5 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, e contén cun centro de traballo no territorio desta comunidade autónoma.

2. As empresas de inserción deben estar promovidas e participadas por algunha das entidades previstas nos artigos 5.a) e 6 da Lei 44/2007, do 13 de decembro. A participación das entidades promotoras na empresa deberá ser, con carácter xeral, polo menos do 51 % do capital social; non inferior ao 49% no caso de que a empresa de inserción sexa unha sociedade laboral ou unha cooperativa de tres ou máis persoas socias; e do 50% se se trata dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral formada por dúas persoas socias.



3. Non poderán obter a cualificación como empresas de inserción as empresas que fosen condenadas por sentenza xudicial firme por delitos contra os dereitos dos traballadores ou sancionadas por resolución administrativa firme por infracción moi grave no ámbito laboral ou no ámbito dos servizos sociais, nin as promovidas por algunha entidade na que conorra algunha destas circunstancias.

Tampouco poderán obter esta cualificación as entidades que estean cualificadas como centros especiais de emprego.

## **Capítulo II**

### **Procedementos de cualificación e descualificación das empresas de inserción**

#### ***Sección 1. Normas xerais de tramitación***

#### **Artigo 4. Forma de presentación das solicitudes e da documentación complementaria**

1. As solicitudes e documentación complementaria presentarase unicamente por medios electrónicos. Se se presentasen presencialmente, a entidade interesada será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2. Para a presentación das solicitudes e documentación complementaria poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

4. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.



7. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para a facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### **Artigo 5. Instrución dos procedementos**

1. O órgano instrutor dos procedementos de cualificación e descualificación das empresas de inserción é a unidade administrativa da que dependa o Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia.

2. Se as solicitudes presentadas non se cubren en todos os seus termos ou non se acompañasen da documentación que se recolle neste decreto, requirirase á entidade interesada para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

3. O órgano instrutor poderá requirir calquera outra documentación, ademais da sinalada neste decreto, así como os informes que sexan necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos e para resolver o procedemento.

Para a petición e evacuación de informes estarase ao disposto nos artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4. Recibida toda a documentación, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución que elevará á persoa competente para resolver.

### **Artigo 6. Resolución**

1. É competente para resolver sobre os procedementos de cualificación e descualificación de empresas de inserción a persoa titular do centro directivo con atribucións en materia de economía social.

2. Nos procedementos iniciados a solicitude da persoa interesada, o prazo para resolver e notificar será de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase estimada a solicitude.

3. Nos procedementos iniciados de oficio, o prazo para resolver e notificar será de tres meses contados desde a data da resolución de inicio do procedemento.



## **Artigo 7. Recursos**

Contra as resolucións ditadas nos procedementos de cualificación e descualificación poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, desde a súa notificación, ante a persoa titular da consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de economía social.

### ***Sección 2. Cualificación provisional***

## **Artigo 8. Solicitud de cualificación provisional como empresa de inserción**

Para obter a cualificación provisional como empresa de inserción e a consecuente inscrición no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia, a entidade interesada deberá presentar unha solicitude a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> que se inclúe como anexo I (código de procedemento -----)

## **Artigo 9. Documentación complementaria á solicitude de cualificación provisional**

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento de taxa por servizos administrativos
- b) Documentación acreditativa do poder de representación da persoa que actúa en nome da empresa e asina a solicitude.
- c) Certificación expedida polo rexistro no que estea inscrita a empresa obxecto de cualificación, acreditativa da dita inscrición, así como dos estatutos vixentes
- d) Copia dos estatutos vixentes da empresa obxecto de cualificación.

Os estatutos deberán recoller como finalidade primordial da empresa a integración e a formación sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social, actuando como espazo de tránsito ao emprego ordinario. Así mesmo deberá constar que, cando menos, o oitenta por cento dos resultados ou dos excedentes dispoñibles obtidos en cada exercicio económico aplicaranse á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción. Entenderase cumprida esta obriga cando se reinvestan en programas de inserción sociolaboral da entidade promotora á que se refire o artigo 6 da Lei 44/2007, do 13 de decembro.

e) Certificación acerca da titularidade do capital social, expedida polo Rexistro Mercantil ou, se se trata dunha sociedade cooperativa, polo órgano de goberno desta.

f) Anexo II de autorización para a comprobación de datos

g) Certificación rexistral das entidades promotoras que participen no capital social da empresa obxecto de cualificación nas porcentaxes establecidas no artigo 3.2 deste decreto. Esta



certificación non será necesaria no caso de entidades inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Copia dos estatutos vixentes das entidades promotoras ás que se refire a letra anterior. No seu obxecto social deberá figurar a inserción social das persoas especialmente desfavorecidas.

i) Memoria que acredite a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto empresarial, detallando os aspectos técnicos de produción e comercialización, así como o plan de investimentos e valoración das distintas fontes de financiamento con que conta o proxecto.

j) Descrición dos medios cos que conta a empresa para cumprir os compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral.

### **Artigo 10. Comprobación de datos para a cualificación provisional**

Para os efectos de tramitar a solicitude de cualificación provisional consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, segundo proceda:

a) Número de identificación fiscal da entidade solicitante e das entidades promotoras.

b) DNI ou NIE da persoa representante

c) Inscripción da entidade promotora no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso.

### **Artigo 11. Cualificación provisional**

1. Cando se consideren acreditados os requisitos recollidos nas letras a), b), d) e g) do artigo 5 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, o órgano competente emitirá resolución de cualificación provisional como empresa de inserción. Na resolución acordarase a inscrición da empresa no rexistro administrativo de empresas de inserción de Galicia e asignaráselle o número de rexistro que corresponda, cun indicativo de provisionalidade.

2. Unha vez obtida a cualificación provisional, a empresa poderá incorporar á súa denominación os termos “empresa de inserción” ou as siglas “EI”.

3. A cualificación provisional quedará automaticamente sen efecto unha vez transcorrido un ano sen que se solicitase a cualificación definitiva. Neste suposto procederase de oficio á baixa no rexistro, que se lle notificará á interesada.

## **Sección 3. Cualificación definitiva**

### **Artigo 12. Solicitude de cualificación definitiva**

Para obter a cualificación definitiva, a empresa de inserción deberá presentar, no prazo máximo



de un ano desde a cualificación provisional, unha solicitude a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> que se inclúe como anexo I (código de procedemento -----).

### **Artigo 13. Documentación complementaria á solicitude de cualificación definitiva**

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento de taxa por servizos administrativos
- b) Documentación acreditativa do poder de representación da persoa que actúa en nome da empresa e asina a solicitude.
- c) Informe de traballadores en alta das contas de cotización da empresa, correspondente aos meses comprendidos entre a data de cualificación inicial e o mes anterior á solicitude de cualificación definitiva, ambos incluídos.
- d) Certificación expedida polos servizos sociais comunitarios acerca do risco ou situación de exclusión social das persoas en proceso de inserción que formasen parte do cadro de persoal da empresa en calquera momento desde a data de cualificación inicial. Esta certificación non será necesaria no caso de que as ditas persoas fosen perceptoras ou membros de unidades familiares perceptoras da RISGA.
- e) Certificado de contar cos preceptivos servizos de prevención, con indicación das especialidades contratadas.
- f) Descrición dos medios empregados pola empresa para cumprir os compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral. Se o persoal técnico dedicado á prestación dos servizos de orientación e acompañamento á inserción forma parte da propia empresa de inserción ou das entidades promotoras, deberá indicarse esta circunstancia e acompañar currículo profesional do citado persoal.
- g) Certificación do órgano de administración da sociedade acerca da aplicación dos excedentes, cando desde a obtención da cualificación provisional se producise o peche dun exercicio económico. Deberase xustificar ter aplicados os resultados ou excedentes dispoñibles ás finalidades sinaladas no artigo 5.e) da Lei 44/2007, do 13 de decembro, na porcentaxe indicada no dito artigo. Entenderase cumprida esta obriga cando se reinvestan en programas de inserción sociolaboral da entidade promotora á que se refire o artigo 6 da Lei 44/2007, do 13 de decembro.
- h) Balance social anual da actividade da empresa que inclúa a memoria económica e social, a composición do cadro de persoal, a información sobre as tarefas de inserción realizadas, o grao de inserción no mercado laboral ordinario e as previsións para o próximo exercicio.
- i) Anexo III de autorización para a comprobación de datos, asinada por todas as persoas traballadoras en inserción do último ano.



#### **Artigo 14. Comprobación de datos para a cualificación definitiva**

Para os efectos de tramitar a solicitude de cualificación definitiva consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, segundo proceda:

- a) Número de identificación fiscal da entidade solicitante e das entidades promotoras.
- b) DNI ou NIE da persoa representante e das persoas en inserción.
- c) Informe das contas de cotización asociadas ao NIF da entidade solicitante.
- d) Inscripción no Servizo Público de Emprego das persoas traballadoras en inserción.
- e) Informe da vida laboral das persoas traballadoras en inserción.
- f) Certificado de percepción da Renda de Integración Social de Galicia das persoas traballadoras en inserción.

#### **Artigo 15. Petición de informes**

O instrutor poderá solicitar os informes que considere necesarios para acreditar o correcto funcionamento da empresa e da entidade promotora, e en particular, do órgano competente en materia de servizos sociais

En todo caso, solicitará informe preceptivo da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

#### **Artigo 16. Cualificación definitiva**

1. Procederá a cualificación definitiva da empresa de inserción cando esta acredite o cumprimento dos requisitos sinalados nas letras c), e) e f) do artigo 5 da Lei 44/2007, do 13 de decembro.

Para acreditar a porcentaxe de persoas traballadoras en inserción recollida no artigo 5.c) teranse en conta tanto as persoas traballadoras por conta allea como, no caso de cooperativas, as persoas socias traballadoras, en ambos casos en cómputo anual.

2. Se a resolución é positiva, a cualificación retrotraerá os seus efectos á data da cualificación provisional. A empresa manterá o número de inscrición, do que se suprimirá o indicativo de provisionalidade. Se é negativa, comportará a baixa no rexistro.

### ***Sección 4. Descualificación***

#### **Artigo 17. Causas de perda da cualificación da empresa de inserción**

Sen prexuízo do disposto no artigo 11.3, serán causas de descualificación como empresa de inserción:



a) O incumprimento da finalidade primordial de integración sociolaboral de persoas en situación ou en risco de exclusión social.

Considérase que existe incumprimento desta finalidade, entre outras circunstancias:

- Cando a empresa incumpra as obrigas derivadas dos contratos de traballo de inserción ou dos itinerarios de inserción sociolaboral.

- Cando a empresa incumpra as obrigas en materia de constancia rexistral.

- Cando se produza o cesamento da actividade económica durante máis dun ano.

- Cando non preste a colaboración adecuada co Servizo Público de Emprego e cos servizos sociais competentes para os efectos de facilitar o seguimento dos servizos de intervención e de acompañamento e dos itinerarios de inserción.

b) O incumprimento ou perda por parte da empresa ou da entidade promotora dalgún dos requisitos exixidos para a cualificación como empresa de inserción.

c) A extinción da sociedade.

d) A vontade expresa de descualificación manifestada pola empresa de inserción, sempre que non comporte prexuízos para as persoas en proceso de inserción.

### **Artigo 18. Procedemento de descualificación**

1. O órgano competente acordará o inicio do procedemento de descualificación cando aprecie a concorrencia dalgunha das circunstancias sinaladas no número anterior.

2. O órgano instrutor solicitará informe preceptivo da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Ademais poderá requirir da entidade interesada a documentación que estime precisa para acreditar as circunstancias concorrentes, así como solicitar os informes que considere necesarios con esta finalidade. En particular, no suposto de descualificación por solicitude da interesada, solicitarase informe dos servizos sociais comunitarios acerca da situación das persoas en proceso de inserción que poidan verse afectadas.

Así mesmo, daralle audiencia á entidade interesada previamente a formular proposta de resolución, agás que o procedemento se iniciase a solicitude da interesada.

Non será necesario efectuar os trámites previstos neste número cando a causa da descualificación sexa a extinción da sociedade, da que exista constancia certa.

3. A descualificación, unha vez firme en vía administrativa, producirá de oficio efectos de baixa rexistral e non implicará necesariamente a disolución da sociedade.



## Capítulo III

### Registro administrativo de empresas de inserción de Galicia

#### Artigo 19. Obxecto e adscrición

1. O registro administrativo de empresas de inserción de Galicia ten por obxecto a inscrición das empresas que obtivesen a cualificación de empresas de inserción, así como dos actos rexistrais que se determinen neste decreto.
2. Este registro adscríbese ao órgano da Xunta de Galicia con competencias en materia de economía social.
3. O registro administrativo de empresas de inserción de Galicia é un registro público, gratuito, autonómico e único.

#### Artigo 20. Efectos da inscrición rexistral.

1. A inscrición rexistral producirá o efecto da publicidade dos datos consignados.
2. A inscrición non terá efectos constitutivos das entidades cualificadas, e non lles conferirá máis dereitos que a constancia dos actos e datos dos que trae causa.

#### Artigo 21. Funcionamento do registro

1. O Registro administrativo de empresas de inserción de Galicia funcionará por medios telemáticos.
2. O Registro administrativo de empresas de inserción de Galicia levará un Libro de inscrición de empresas de inserción, no que abrirá unha folla rexistral por cada empresa que se cualifique, na que se farán constar os seguintes datos:
  - a) Número de registro que se lle asigna.
  - b) Razón social da empresa.
  - c) Número de identificación fiscal.
  - d) Forma xurídica.
  - e) Identificación da persoa representante.
  - f) Sector da actividade económica principal e código CNAE.
  - g) Domicilio social.
  - h) Razón social das entidades promotoras, a súa identificación fiscal e a súa porcentaxe no capital social.



- i) Data da resolución de cualificación.
- j) Data e causa da resolución de descualificación, se é o caso.
- k) Datos da actividade socioeconómica.
  - k.1) Domicilio do centro ou centros de traballo con que conta a empresa en Galicia.
  - k.2) Data de presentación dos documentos aos que se refire o punto 1 do artigo 22 deste decreto.
  - k.3 ) Número de persoas traballadoras que se atopen en procesos de inserción e o total do cadro de persoal, desagregadas por sexo, referidas á última relación anual presentada.

3. A persoa encargada do rexistro procederá de oficio á inscrición ou á baixa das empresas de inserción, logo de ditadas as resolucións nos termos sinalados neste decreto. Así mesmo, procederá de oficio á anotación das circunstancias comunicadas polas empresas que, sen constituír causa de descualificación, supoñan alteración dalgún dos datos sinalados no punto anterior.

4. As inscricións numeraranse correlativamente e constarán de nove caracteres, dos que os tres primeiros expresarán a orde secuencial; os catro seguintes indicarán o ano no que se cualifica e inscribe a empresa de inserción; e finalmente incluíranse as siglas EI. Adicionalmente, os números de rexistro correspondentes a empresas con cualificación provisional irán precedidas da letra P.

## **Artigo 22. Datos obxecto de constancia rexistral**

1. As empresas de inserción están obrigadas a presentar no rexistro administrativo de empresas de inserción de Galicia a seguinte documentación:

- a) A documentación acreditativa das modificacións estatutarias que afecten á súa composición social, ao seu obxecto social, ao destino previsto para os beneficios ou calquera outra que poida afectar á súa cualificación, no prazo dun mes desde a súa inscrición no rexistro correspondente á súa forma xurídica.
- b) O plan de actividades e o orzamento estimativo anual, con anterioridade ao inicio do exercicio económico correspondente.
- c) As contas anuais e o informe de xestión de cada exercicio económico, debidamente aprobados, xunto coa xustificación de telas presentado no rexistro correspondente, dentro do prazo establecido para a súa presentación.
- d) Un balance social anual que inclúa a memoria económica e social, o grao de inserción no mercado laboral ordinario das persoas contratadas, a información sobre as tarefas de inserción realizadas e as previsións para o exercicio, no primeiro trimestre de cada ano.
- e) A relación nominal do cadro de persoal da empresa, con indicación daquelas persoas traballadoras que se atopen en procesos de inserción, así como as variacións producidas durante o ano anterior, no primeiro trimestre de cada ano, segundo o modelo do anexo IV.



f) Informe de traballadores en alta das contas de cotización da empresa, correspondentes ao ano anterior, no primeiro trimestre de cada ano.

g) Anexo III de autorización para a comprobación de datos, asinada por todas as persoas traballadoras en inserción do último ano.

2. Para os efectos de comprobar o mantemento das obrigas por parte da empresa de inserción, consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, segundo proceda:

a) DNI ou NIE da persoa representante e das persoas en inserción.

b) Informe das contas de cotización asociadas ao NIF da entidade solicitante.

c) Inscripción no Servizo Público de Emprego das persoas traballadoras en inserción.

d) Informe da vida laboral das persoas traballadoras en inserción.

e) Certificado de percepción da Renda de Integración Social de Galicia das persoas traballadoras en inserción.

O rexistro poderá requirir calquera outra documentación e solicitar os informes que sexan necesarios para acreditar que se manteñen as condicións para a cualificación.

### **Artigo 23. Publicidade e información rexistral**

1. Quen manifeste interese lexítimo na súa consulta, poderá solicitar do Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia a expedición de certificacións relativas ao contido da folla rexistral das empresas de inserción, que poderá comprender calquera das circunstancias sinaladas nas letras a) a j) do parágrafo 2 do artigo 21 e en ningún caso conterá información persoal das persoas traballadoras.

2. O Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia proporcionará periodicamente os datos que regulamentariamente se determinen ao Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción do Ministerio de Traballo e Economía Social, para os efectos de coordinación e intercambio de información.

3. O órgano ao que está adscrito o Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia facilitará a consulta dos datos sinalados no punto 1, mediante a súa publicación na páxina web da consellería.

## **CAPITULO IV**

### **Incorporación a unha empresa de inserción e seguimento do itinerario**



## **Artigo 24. Inicio do proceso para a incorporación a unha empresa de inserción**

1. Para a incorporación dunha persoa a unha empresa de inserción, deberá acreditarse que concorren as seguintes circunstancias:

- que se atopa en situación ou risco de exclusión social.
- que está desempregada e inscrita no Servizo Público de Emprego.
- que non ten prestado servizos na mesma ou noutra empresa de inserción nos dous anos anteriores, agás no suposto contemplado no parágrafo 5.b) deste artigo.

2. O proceso para a incorporación dunha persoa en situación ou risco de exclusión social a unha empresa de inserción poderá iniciarse polos servizos sociais comunitarios, polo Servizo Público de Emprego de Galicia ou por unha empresa de inserción.

3. Cando o proceso de incorporación sexa iniciado polo Servizo Público de Emprego ou polos servizos sociais comunitarios, o órgano en cuestión consultará se a persoa candidata reúne as condicións sinaladas no número 1 a través do servizo de interoperabilidade, ou, se é o caso, solicitando a información do órgano competente.

Unha vez acreditados os requisitos, o órgano que iniciase o proceso derivará a persoa candidata á empresa de inserción, remitíndolle, se é o caso, o itinerario de inserción ao que se refire o artigo 26.

4. Se é a empresa de inserción quen inicia o proceso, dirixirase ao Servizo Público de Emprego para obter a acreditación das circunstancias da persoa que se pretende contratar. Este, logo de consulta co servizo de interoperabilidade, se é o caso, emitirá o informe sobre se a persoa cumpre cos requisitos de incorporación, no prazo de cinco días hábiles.

No caso de que o Servizo Público de Emprego non tivese acceso á información relativa á situación ou risco de exclusión social, o seu informe limitarase á información dispoñible e a empresa terá que completala solicitando aos servizos sociais o informe sobre este extremo.

O Servizo Público de Emprego e os servizos sociais comunitarios, de ser o caso, remitirán xunto co seu informe o itinerario de inserción ao que se refire o artigo 26.

5. A empresa de inserción solicitará informe dos servizos sociais comunitarios sobre a conveniencia de formalizar o contrato cando se dea algún dos supostos seguintes:

- a) No caso de que se pretenda subscribir un contrato para o fomento do emprego de duración inferior a 12 meses. Os servizos sociais poderán informar favorablemente en función das circunstancias concorrentes, sen que en ningún caso a dita duración poida ser inferior a seis meses.
- b) No caso de que a persoa candidata xa prestase servizos nunha empresa de inserción nos dous últimos anos. Os servizos sociais poderán informar favorablemente cando consideren que fracasou o proceso previo de inserción ou estimen que se produciu unha recaída en



novas situacións de exclusión. Non obstante, presumirase que as circunstancias da persoa traballadora aconsellan a formalización do contrato, e polo tanto non se requirirá informe expreso, cando o tempo traballado nos dous anos anteriores non supere en conxunto os seis meses.

Os informes aos que se refire este punto serán emitidos no prazo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise informe, a empresa de inserción poderá adoptar a decisión que en cada caso corresponda, respectando o establecido na lexislación laboral.

### **Artigo 25. Formalización e comunicación do contrato de traballo.**

1. Unha vez formalizado o contrato de traballo, a empresa de inserción deberá comunicalo debidamente ao Servizo Público de Emprego. Así mesmo, deberá remitir unha copia do contrato aos servizos sociais comunitarios no prazo de vinte días, para o seguimento do proceso de inserción.

2. Cando o proceso fose iniciado polos servizos sociais ou o polo servizo público de emprego, se o contrato non se formaliza a empresa deberá comunicar as causas que o motivaron ao órgano correspondente.

### **Artigo 26. Itinerario de inserción.**

1. O itinerario de inserción é o marco de traballo no que as partes intervinientes establecen de mutuo acordo as actuacións necesarias para lograr unha plena participación social e laboral da persoa traballadora.

Conforme ás previsións do Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, deberán conter como mínimo as prestacións obrigatorias contidas no anexo V

2. A empresa de inserción deberá aplicar o itinerario de inserción da persoa traballadora que, se é o caso, lle sexa proporcionado polo servizo público de emprego ou polo equipo técnico de inclusión sociolaboral.

No caso de que a persoa sexa perceptora da Risga no seu tramo de inserción, o itinerario axustarase ao que figure no convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade previsto no artigo 56 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Se non lle é proporcionado, a empresa deberá elaborar un itinerario personalizado de inserción sociolaboral da persoa traballadora, tendo en conta, se é o caso, o contido doutros posibles itinerarios nos que estea participando a persoa como usuaria dun programa de intervención social ou laboral.

3. Será necesario que o itinerario sexa aceptado pola empresa e o traballador no prazo de quince días seguintes á formalización do contrato de traballo. A empresa remitirá copia do itinerario aceptado aos servizos sociais comunitarios e o Servizo Público de Emprego, no prazo de vinte días desde a formalización do contrato.



4. No caso de que o itinerario fose elaborado pola empresa, os servizos sociais comunitarios e o Servizo Público de Emprego poderán efectuar as indicacións que estimen oportunas no prazo de dez días desde a súa recepción. A empresa deberá adecuar o itinerario a estas indicacións e proceder conforme ao sinalado no punto anterior.

#### **Artigo 27. Obrigas derivadas do contrato de traballo dunha persoa en proceso de inserción**

1. A empresa de inserción e a persoa en proceso de inserción, polo feito de subscribir un contrato de traballo deben asumir as obrigas que establece a normativa laboral vixente..

2. En particular, a empresa de inserción queda obrigada a:

a) Proporcionarlle á persoa traballadora a actividade profesional adecuada para o cumprimento do obxecto do contrato e facilitarlle os medios para a adquisición de hábitos sociais e laborais, que lle permitan acceder a medidas de acompañamento social.

b) Responsabilizarse de proporcionarlle unha formación á persoa traballadora en proceso de inserción dirixida á aprendizaxe dunha determinada actividade profesional e á adecuación do nivel formativo ou das competencias profesionais ás exigencias do mercado laboral.

c) Proporcionarlle á persoa traballadora en proceso de inserción un servizo de intervención e acompañamento para a inserción sociolaboral que faciliten a súa posterior incorporación ao mercado de traballo ordinario.

d) Prestar un servizo de acompañamento social, encamiñado a satisfacer ou resolver problemáticas persoais e de convivencia que impidan ou dificulten o normal desenvolvemento do proceso de adaptación laboral.

e) Facilitar e colaborar no seguimento do itinerario de inserción por parte dos servizos sociais.

3. A persoa traballadora en proceso de inserción queda obrigada a:

a) Levar a cabo a actividade pactada como obxecto do contrato.

b) Recibir a formación teórica e práctica necesaria para levar a cabo a actividade.

c) Cumprir as condicións e compromisos contidos no itinerario, participando de forma responsable na súa execución.

d) Participar activamente no desenvolvemento das medidas de acompañamento que se establezan no itinerario de inserción.

e) Colaborar no seguimento do proceso de inserción.

#### **Artigo 28. Seguimento dos itinerarios de inserción**

1. As empresas de inserción deben emitir e trasladarlle aos servizos sociais comunitarios un informe de seguimento do itinerario cunha periodicidade mínima de seis meses, agás que os servizos sociais establezan unha inferior.



Cando a persoa traballadora sexa perceptora de Risga no tramo de inserción, o dito informe debe conter a información suficiente para avaliar o nivel de cumprimento dos compromisos adquiridos para os efectos previstos no Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da lei 10/2013, de 27 de novembro, no relativo a tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

Sen prexuízo do anterior, deben comunicar á maior brevidade calquera circunstancia relevante que imposibilite ou dificulte gravemente a execución do itinerario previsto, ou aconselle a súa modificación.

2. As empresas de inserción deben comunicarlle aos servizos sociais comunitarios as seguintes circunstancias relativas aos contratos de traballo:

a) con carácter previo, as prórrogas e modificacións do contrato, así como a súa extinción, calquera que sexa a súa causa.

b) as ausencias ou faltas de puntualidade das persoas en proceso de inserción motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da súa situación de exclusión social, cando sexa necesario determinar se están ou non xustificadas.

c) as situacións de embriaguez habitual ou toxicomanía das persoas en proceso de inserción, cando sexa necesario determinar se son causa de suspensión do contrato de traballo e se procede propoñer á persoa traballadora un proceso de deshabitación ou desintoxicación.

3. Os servizos sociais emitirán informe sobre as circunstancias sinaladas no punto anterior, no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o informe, a empresa de inserción poderá adoptar a decisión que en cada caso corresponda, respectando o establecido na lexislación laboral.

4. Unha vez finalizada a execución do itinerario de inserción sociolaboral, a empresa de inserción deberá remitirlle aos servizos sociais comunitarios un informe final no que se describan as actuacións realizadas, as circunstancias relevantes no seu desenvolvemento e en especial os obstáculos detectados, a situación actual da persoa en proceso de inserción e as recomendacións de futuro, se é o caso.

### **Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal**

1. Os datos persoais recollidos nestes procedementos serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Consellería de Emprego e Igualdade– coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión destes procedementos e a de garantir a publicidade rexistral.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.



3. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos. Algúns datos serán públicos, nos termos recollidos neste decreto.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **Disposición adicional segunda. Utilización do termo “empresa de inserción”**

1. As entidades que non estean cualificadas como empresas de inserción non poderán empregar na súa denominación os termos “empresa de inserción” nin as siglas EI, ou calquera outra que leve a confusión con esta cualificación.

2. As empresas cualificadas e inscritas como empresas de inserción, que teñan na súa denominación os termos “empresa de inserción laboral” ou as siglas “EIL” poderán seguir empregándoas, ou substituílas pola expresión “empresa de inserción” ou as siglas “EI” respectivamente.

#### **Disposición adicional terceira. Fomento das empresas de inserción**

A Xunta de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de emprego promoverá a creación, o mantemento e ampliación das empresas de inserción en Galicia, en atención ao seu labor social de apoio á incorporación ao mercado de traballo das persoas en situación ou risco ou exclusión social.

#### **Disposición transitoria única.**

As empresas de inserción cualificadas con anterioridade á entrada en vigor deste decreto terán un prazo dun ano para cumprir os requisitos previstos neste decreto.

#### **Disposición derogatoria única. Derogación normativa**

Queda derogadas expresamente as seguintes normas:

- O Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.

- A Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.

#### **Disposición derradeira primeira. Facultades de execución**

1. Facúltase ás persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia con competencias en materia de economía social e de servizos sociais para ditar cantas disposicións sexan precisas



para o desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

2. Os anexos contidos neste decreto poderán ser modificados por resolución do órgano con atribucións en materia de economía social.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor**

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ... de ... de dous mil ...

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Emprego e Igualdade



## **RELACIÓN DE ANEXOS**

ANEXO I: SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN (provisional/definitiva)

ANEXO II: AUTORIZACIÓN DAS ENTIDADES PROMOTORAS PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

ANEXO III: AUTORIZACIÓN DAS PERSOAS EN INSERCIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

ANEXO IV: COMUNICACIÓN ANUAL DO CADRO DE PERSOAL.

- Debe incluir: nome e apelidos, NIF, sexo, traballador en inserción (si/non), data inicio-fin, xornada de traballo

ANEXO V: Contido mínimo do itinerario de inserción



### ANEXO I – SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>CUALIFICACIÓN COMO EMPRESA DE INSERCIÓN</b>	<b>TR356B</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>							
RAZÓN SOCIAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
OBJECTO SOCIAL							
ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO			LOCALIDADE	CODIGO POSTAL	TELEFONO MOBIL		
ENTIDADES PROMOTORAS					% PORCENTAXE CAPITAL SOCIAL		
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)					CNAE		
PRINCIPAL :							
OUTRA:							

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
<p>Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a></p> <p>Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.</p> <p>Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:</p>	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

<b>TIPO DE CUALIFICACIÓN QUE SOLICITA</b>	<input type="checkbox"/> PROVISIONAL	<input type="checkbox"/> DEFINITIVA
---	--------------------------------------	-------------------------------------

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE</b>
<b>NO CASO DE SOLICITAR A CUALIFICACIÓN PROVISIONAL</b>
<input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento da taxa por servizos administrativos
<input type="checkbox"/> Certificación rexistral da inscrición da empresa solicitante, así como dos estatutos vixentes
<input type="checkbox"/> Certificación acerca da titularidade do capital social
<input type="checkbox"/> Anexo II de autorización para a comprobación de datos
<input type="checkbox"/> Certificación rexistral das entidades promotoras



<input type="checkbox"/> Memoria de viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto empresarial			
<input type="checkbox"/> Descrición dos medios para cumprir os compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación con que actúa a persoa que asina a solicitude			
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos vixentes da empresa solicitante			
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos vixentes das entidades promotoras			
<b>NO CASO DE SOLICITAR A CUALIFICACIÓN DEFINITIVA</b>			
<input type="checkbox"/> Xustificante de pago da taxa por servizos administrativos			
<input type="checkbox"/> Certificación dos servizos sociais comunitarios acerca do risco ou situación de exclusión social das persoas en proceso de inserción			
<input type="checkbox"/> Certificación do órgano de administración da sociedade acerca da aplicación dos excedentes			
<input type="checkbox"/> Anexo III de autorización para a comprobación de datos			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación con que actúa a persoa que asina a solicitude			
<input type="checkbox"/> Informe de traballadores en alta das contas de cotización da empresa			
<input type="checkbox"/> Certificado de contar co preceptivo servizo de prevención de riscos laborais, con indicación das especialidades contratadas			
<input type="checkbox"/> Descrición dos medios para cumprir os compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral			
<input type="checkbox"/> Balance social anual da actividade da empresa			

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>		<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		
<input type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante		○
<input type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante		○
<b>NO CASO DE SOLICITAR A CUALIFICACIÓN PROVISIONAL</b>		
<input type="checkbox"/> Inscripción da entidade promotora no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso.		○
<b>NO CASO DE SOLICITAR A CUALIFICACIÓN DEFINITIVA</b>		
<input type="checkbox"/> Informe das contas de cotización asociadas ao NIF da entidade solicitante		○

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a e a de garantir a publicidade rexistral.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos. Algúns datos serán públicos, nos termos recollidos neste decreto.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	



**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.  
Decreto ----/-----, do -----, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción en Galicia e o seu rexistro administrativo.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

**ANEXO II CUALIFICACIÓN COMO EMPRESA DE INSERCIÓN  
COMPROBACIÓN DE DATOS DAS ENTIDADES PROMOTORAS**

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

RAZÓN SOCIAL	NIF	COMPROBACION DE DATOS		SINATURA
		Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		
			<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>	
	NIF		O	
	NIF		O	
	NIF		O	
	NIF		O	
	NIF		O	
	NIF		O	
	NIF		O	
	NIF		O	

De non ser suficiente o espazo previsto nos cadros anteriores deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a e a de garantir a publicidade rexistral.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos. Algúns datos serán públicos, nos termos recollidos neste decreto.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE	

Lugar e data	,	de	de	
--------------	---	----	----	--

**ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran que foron informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente rexistral da empresa en inserción. No caso de que se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e a empresa deberá achegar unha copia dos documentos.

APELIDOS E NOME	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	SINATURA
		DNI ou NIE Inscripción como demandante de emprego Vida laboral Perceptor/a da RISGA	<input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>	
		DNI ou NIE Inscripción como demandante de emprego Vida laboral Perceptor/a da RISGA	<input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>	
		DNI ou NIE Inscripción como demandante de emprego Vida laboral Perceptor/a da RISGA	<input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>	
		DNI ou NIE Inscripción como demandante de emprego Vida laboral Perceptor/a da RISGA	<input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>	

De non ser suficiente o espazo previsto nos cadros anteriores deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa dos procedementos de inscrición rexistral da empresa de inserción.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data		,		de		de	
--------------	--	---	--	----	--	----	--



**ANEXO IV - COMUNICACIÓN ANUAL DO CADRO DE PERSOAL**

<b>DATOS DA ENTIDADE</b>			ANO AO QUE SE REFIRE A COMUNICACIÓN
RAZÓN SOCIAL	NIF	NÚM. INSCRICIÓN REXISTRAL	

NÚM.	NIF	APELIDOS	NOME	SEXO		DATA NACEMENTO	TRABALLADOR/A EN INSERCIÓN		DATOS DO CONTRATO			
				H	M		SI	NON	DATA INICIO	DATA FIN	% XOR-NADA	

<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>												
Lugar e data												



## ANEXO V. CONTIDO MÍNIMO DOS ITINERARIOS DE INSERCIÓN

A Carteira de servizos sociais de inclusión, definida no Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, define o servizo de apoio á inclusión sociolaboral como aquel servizo orientado a reverter procesos de exclusión social, incluíndo a exclusión severa, mediante o apoio socioeducativo e psicosocial así como, de ser o caso, o fortalecemento das competencias precisas para posibilitar o acceso ao emprego. As prestacións e a súa intensidade variarán en función do establecido no correspondente proxecto de inclusión sociolaboral.

Entre as prestacións que obrigatoriamente debe incorporar este servizo, atópanse a diagnose, co obxecto de determinar o proxecto de inclusión sociolaboral, e o deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou laboral, co que se establecen as actuacións necesarias para lograr unha plena participación social e laboral e cuxo desenvolvemento adopta unha metodoloxía baseada en itinerarios.

Logo destas dúas prestacións, unha que é previa ao inicio da intervención (diagnose) e outra que se traduce na elaboración e execución do itinerario de inserción, atópanse outras que necesariamente deben terse en conta para a determinar o contido deste, e que son as seguintes:

a) De carácter obrigatorio:

1. Acompañamento social: prestación na que a persoa participa, en interacción cun/cunha profesional cualificado/a, nunha relación de axuda que contribúe a mellorar o seu desenvolvemento autónomo e integración social. Permite á persoa contrastar a súa situación, detallar os seus obxectivos en relación co mantemento ou desenvolvemento da súa autonomía persoal e integración social, e contar, para alcanzalos, cunha persoa de referencia que, ao longo do proxecto de inclusión sociolaboral, sexa capaz de ofrecerlle apoio. O desenvolvemento desta prestación realizarase en coordinación cos dispositivos implicados no proceso de inclusión pertencentes ao Sistema público de protección social.
2. Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais: actuacións que contribúen aos procesos de axuste persoal e social, a través da motivación, do desenvolvemento de habilidades persoais e relacionais, do apoio psicolóxico, e todas aquelas que promovan o devandito axuste.
3. Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral: actuacións de formación prelaboral, orientación laboral, formación ocupacional, acompañamento laboral e todas aquelas que promovan a mellora da empregabilidade.

b) De carácter opcional:

1. Mediación social e/ou intercultural: situación na que se atopan as persoas que presentan déficits graves de tipo persoal e relacional e/ou en áreas vitais clave e que



precisan, por iso, unha maior intensificación e/ou especificidade dos apoios dirixidos a reverter as súas circunstancias.

2. Mediación laboral: actividades no marco dun proceso individual de inclusión sociolaboral dirixidas a evitar que xurdan conflitos entre partes na contorna laboral ou a resolver os que se produzan.
3. Prospección e intermediación laboral activa: accións de carácter técnico dirixidas, por unha banda, a identificar viveiros de emprego que determinen contidos formativos de cualificación para o emprego; e, pola outra, a establecer leitos de colaboración co empresariado para dispoñer de información e desenvolver accións conxuntas que permitan conseguir ou favorecer os obxectivos de inclusión sociolaboral.
4. Apoio á conciliación: posta ao dispor dos medios para a atención de menores e/ou persoas dependentes das persoas con proxecto de inclusión sociolaboral, de forma que se facilite a súa participación nel.
5. Reforzo socioeducativo para menores: intervención socioeducativa que inclúe o reforzo, orientación e apoio ao alumnado para reforzar a importancia da educación, evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria, reducir o absentismo escolar e facilitar a transición entre a educación primaria e a secundaria.
6. Apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescrición facultativa.

Tendo en conta o anterior, os itinerarios de inserción deben recoller, como mínimo, o seguinte contido:

1. Accións tendentes á consecución do obxectivo de inserción sociolaboral, que necesariamente incluírán as prestacións sinaladas como obrigatorias na Carteira de servizos de inclusión dentro do Servizo de apoio á inclusión sociolaboral.
2. Obrigas que as partes asumen no seu desenvolvemento e seguimento.
3. Distribución no tempo das actividades de produción, de formación no posto de traballo e de intervención ou acompañamento social que sexa necesario realizar.
4. Mecanismos e periodicidade para o seu seguimento e avaliación